

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Valcárcel Fernández, Patricia
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Alvarez González, Susana
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Francisco Javier
García Fontán, María Soledad
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, José Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

ESTUDANTES

Diz Folgar, Manuel

PAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a
Covadonga.

Díaz Redondo, Rebeca P.

Lima González, Estela

Lopez Mira, Álvaro Xosé

Michinel Álvarez, Humberto Javier

Pardo Froján, Juan Enrique

Pazos Currás, Marta M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 22 de novembro de 2023, convocada para ás 11:30 h. en primeira convocatoria e ás 12:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 12:00 do día 22 de novembro de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de outubro de 2023.

2. Informe do reitor.

3. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PTXAS da Universidade de Vigo para o ano 2023.

4. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2023.

5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.

6. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.

7. Aprobación, se procede, da corrección da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.

8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Cintecx.

9. Aprobación, se procede, da modificación do regulamento de prácticas académicas externas do estudantado.

10. Aprobación, se procede, do convenios tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas por parte do estudantado.

11. Aprobación, se procede, do convenio tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas do estudiantado de todos os mestrados do SUG.
12. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro de programas de intercambio.
13. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Tradución e Lingüística.
14. Elección de representantes na Comisión Xeral de Prácticas Académicas Externas: 1 estudante.
15. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de setembro de 2023.

O reitor indica que non se presentaron observacións á acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbese a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Un estudante turco, que por erro matriculouse; o servizo non foi quen de arranxar esta situación pero imos facer unha resolución reitoral.
- Gabinete Psicopedagóxico: en novembro e decembro estamos intentando que sexan atendidos en Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Athena: a próxima semana elixirase a Universidade que formará parte, unha italiana ou unha romana. Presentaremos unha nova candidatura en xaneiro de 2023.
- Comisión de Estatutos: está a traballar moi ben, xa fixemos 6 xuntanzas. Estimamos que no segundo trimestre do 2024 teremos unha versión preliminar para poder traballar no Claustro.
- Visita ao Alcalde de Vigo: Avances na cesión definitiva do edificio Siemens por parte de Zona Franca. Quedamos á espera da cesión de aulas no Mar de Vigo para a Escola de Formación Permanente.
- Visita do Presidente da Deputación de Pontevedra: falouse de Enfermaría, do novo convenio, de actividades comúns e partilladas. Fixo unha visita ao CINBIO e ao CACTI.
- Visita do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades á nova Sala de Investigación neuromuscular e ó Benito Corbal.
- Sinatura de convenio coa Consellería do Mar.
- Juan José Rodríguez Andina, elixido presidente da IEEE Industrial Electronics Society.

- Concepción Paz Penín gaña o premio María Josefa Wonenburger. A directora do CINTECX gañou o premio en atención a súa carreira investigadora, pola transferencia e polo resto de labores coma a de divulgación e dirección dun centro.
- Xuntanza cos directores de departamento: Adianto da PDA e do POD. Información completa sobre a docencia nos Máster. Adiantamento das listas de agarda, desligadas do POD. Adiantamento dos concursos. Plan de remuda do persoal negociado cos departamentos e informado polo CG. Contratos-programa cos departamentos antes do curso 24-25.
- CINBIO: Fíxose unha remodelación, hai cinco grupos que non seguen, de acordo coas recomendacións do Comité Asesor Externo asumidas polo Consello Reitor.
- O Centro de Posgrao e de Formación Permanente xa ten código RUCT segundo a LOSU (código 36020829).
- CUSA: Redución de capital. Levamos moito tempo perdendo cartos, polo que fixemos unha redución de capital para que CUSA sexa rendible. Os accionistas son: Universidade de Vigo, Abanca corporación, Consorcio Zona Franca, Deputación Ourense, Concello de Ourense, Deputación Pontevedra, Concello de Vigo.
- CRUE: Sobrecostos da aplicación da LOSU. Baixada de horas dos Axudantes Doutores, baixada de horas máximas dos asociados, para a forquita 120-240 no resto do PDI. AD: custo diferente segundo CCAA. O ministerio faríase cargo do custo básico, as comunidades que pagan máis, do resto. Valídanse os datos agora coas universidades, a continuación farase coas comunidades autónomas. Os cartos chegarán vía Xunta de Galicia, pero probablemente finalistas. Proposta de recoñecemento de títulos de doutor estranxeiros a través de convenio na CRUE. A CRUE vai facer recomendacións sobre Intelixencia Artificial. O novo Ministerio vai traballar no Estatuto do PDI e na utilización da figura de profesorado substituto.
- Modernización da xestión. O reitor agradece o esforzo dos servizos tanto na implantación de Peoplenet como con Sigma. Xestión de persoal mudanza de Meta4 a Peoplenet. Xestión académica. Mudanza de Xescampus a Sigma. Xestión da investigación. Posta en funcionamento do portal de I+D. Hércules?. Xestión Económica. Completar o MUS. Pero, neste momento, hai que mudar a Xumco. Contabilidade analítica implantada a tempo. Sede electrónica. Outros: Relacións internacionais. Mellora dos ránquins.

Remata o informe ás 12.30.

3. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PTXAS da Universidade de Vigo para o ano 2023.

O reitor cede a palabra á xerenta, quen explica que o pasado venres saíu a oferta de emprego público para a Xunta de Galicia, quen trae a colación a normativa aplicable:

- Artigo 70 do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 48 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

- Artigo 12.un 36.un da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2023.

A continuación, expón a taxa de reposición:

TAXA DE REPOSICIÓN MÁXIMA (120 %)	19
Prazas de estabilización do emprego temporal ofertadas	0
Prazas de persoal indefinido non fixo ofertadas	0
Prazas de promoción interna independente ofertadas	0
TOTAL PRAZAS OFERTADAS OEP 2023	14

TAXA DE REPOSICIÓN					
Subgrupo / grupo	Escala	Subescala	Promoción interna	Acceso libre	
			Cota xeral	Cota xeral	Cota de reserva discapacidade
A1	Técnico/a superior de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	1	1	
A1	Técnico/a superior de apoio á docencia e investigación	Microscopía electrónica		1	1(*)
A1	Técnico/a superior de apoio á docencia e investigación	Análise instrumental		1	
A1	Técnico/a superior de apoio á docencia e investigación	Xenómica		1	
A1	Técnico/a superior de servizos xerais	Emprego e emprendemento		1	
A1	Técnico/a superior de servizos xerais	Riscos laborais	1		
A2	Técnico/a medio de apoio á docencia e investigación	Actividades aeroespaciais		1	
A2	Técnico/o media de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	2	1	
C1	Técnico/a especialista de servizos xerais	Transporte e distribución		1	
CE	Auxiliar técnico/a de servizos xerais	Deportes		1	
TOTAIS			4	9	1
TOTAL TAXA REPOSICIÓN				14	

Anabel intervén para dicir que non é representante sindical, pero si que representa aos PTXAS no Consello de Goberno. Parécelle insuficiente, non recolle as necesidades reais da Universidade de Vigo. Debería facerse un maior esforzo, polo que pide que conste en acta o seu voto negativo.

Apróbase por maioría. (2 votos en contra, 1 abstención, 33 votos a favor).

4. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2023.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, que expón a OEP 2022, coas prazas pendentes de convocar:

Catedrático/a de universidade (CU): 16
Titular de universidade (TU): 7
Titular de universidade (15 % PI): 9
PCD: 0

OEP 2023:

Número máximo de prazas dispoñibles: 110 * 120 %
= 130 prazas

Estado das bolsas:

CU: +/- 10 acreditados/as
TU: +/- 10 acreditados/as
CD: +/-65 acreditados/as

OEP 2023.

Persoal docente e investigador dos corpos docentes universitarias, hai 3 anos para levar a cabo esta OEP:

Categoría	Prazas
Profesorado titular de universidade	50 (20 das correspondentes á reserva do 15 % para o persoal investigador doutor que finalizase o programa Ramón y Cajal ou outros programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e que dispoña da certificación I3)

OEP 2023. Persoal docente e investigador contratado doutor:

Categoría	Prazas
Profesorado permanente laboral	80

Quenda de Promoción Interna:

Categoría	Prazas
Catedrático/a de universidade	30

Intervén Anabel Glez. Penín para dicir que quere que conste en acta a súa abstención. Vótase:

35 votos a favor, ningún en contra, e dúas abstencións.

Apróbase por maioría.

5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta o seguinte cadro, para ver a relación das áreas de coñecemento seleccionadas:

ANEXO II

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a Catedrático/a de Universidade (RR 15/11/2023), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/2019).

2. Quenda Xeral.

Prazas	Área	Departamento	Campus
1	Comercialización e investigación de mercados (095)	Organización de empresas e marketing (X09)	OURENSE
1	Dereito financeiro tributario (150)	Dereito público especial (X13)	VIGO
1	Enxeñaría de sistemas e automática (520)	Enxeñaría de sistemas e automática (T07)	VIGO
2	Enxeñaría telemática (560)	Enxeñaría telemática (T13)	VIGO
2	Enxeñaría química (555)	Enxeñaría química (T04)	VIGO
1	Estratigrafía (280)	Xeociencias mariñas e ordenación do territorio (C10)	VIGO
2	Física da terra (398)	Física aplicada (T08)	OURENSE
1	Fisioloxía (410)	Bioloxía funcional e ciencias da saúde (C01)	VIGO
1	Linguaxes e sistemas informáticos (570)	Informática (T15)	OURENSE
1	Literatura española (583)	Literatura española e teoría da literatura (H11)	VIGO
1	Mecánica de fluídos (600)	Enxeñaría mecánica, máquinas e motores térmicos e fluídos (T03)	VIGO
1	Óptica (647)	Física aplicada (T08)	VIGO
1	Xornalismo (675)	Psicoloxía evolutiva e comunicación (X10)	PONTEVEDRA

Que conste en acta a abstención de Anabel Glez. Penín.

36 votos a favor, ningún en contra, e unha abstención.

Apróbase por maioría.

6. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación das prazas correspondentes.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica:

ANEXO I

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a profesorado Titular de Universidade (RR 15/11/2023), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/2019).

1. Quenda Xeral.

Parazas	Área	Departamento	Campus
1	Antropoloxía social (030)	Análise e intervención psicossocioeducativa (X01)	OURENSE
1	Didáctica da expresión corporal (187)	Didácticas especiais (X05)	OURENSE
1	Economía financeira e contabilidade (230)	Economía financeira e contabilidade (X07)	OURENSE
1	Filoloxías galega e portuguesa (370)	Filoloxía galega e latina (H03)	OURENSE
1	Prehistoria (695)	Historia, arte e xeografía (H05)	OURENSE
1	Produción vexetal (705)	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente (T06)	PONTEVEDRA
1	Química física (755)	Química física (C11)	OURENSE

Consta en acta a abstención de Anabel Glez Penín.
36 votos a favor, ningún en contra, e unha abstención.

Apróbase por Maioría.

7. Aprobación, se procede, da corrección da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen expón que se trata mais dunha corrección que por erro non se trouxo a aprobación no CG. Trataríase de incluír os recoñecementos que veñen na seguinte diapositiva en cor azul:

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)		Porcentaxe
R.1 Cargos académicos	R.2425.1.1 Reitor/a, Vicerreitor/a con dedicación exclusiva	100.00 %
	R.2425.1.2 Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, Secretario/a Xeral, Valedor/a Universitario/a	75.00 %
	R.2425.1.3 Adxunto/a ao reitor, Delegada/o na Comisión Interuniversitaria de Galicia	62.50 %
	R.2425.1.4 Decano/a e Director/a de centros	50.00 %
	R.2425.1.5 Director/a de Área, Director/a de Centros de Investigación Interuniversitarios	37.50 %
	R.2425.1.6 Director de Instituto Universitario	25.00%
	R.2425.1.7 Director/a de Departamento, Coordinador/a Xeral PUM	18.75 %
	R.2425.1.8 Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretaria/o de Centros	18.75 %
	R.2425.1.9 Secretaria/o, Subdirector/a, Xefe/a Sección Departamentos, Institutos Universitarios, Centros de Investigación e Agrupacións Estratéxicas (Interuniversitarios)	12.50 %
	R.2425.1.10 Coordinador/a de Grao e Coordinador/a de Mestrado ¹ , Coordinador/a Campus PUM	12.50 %

A normativa é a mesma, pero a referencia dos postos que están en azul é a que debe terse en conta.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Cintecx.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen explica as modificacións, revisadas pola asesoría xurídica e informadas favorablemente, a saber:

- Réxime xurídico. Inclusión das novas leis (LOSU e modificación da LCTI).
- Cambio no organigrama da gobernanza.
- Inclusión do comité executivo.
- Modificación artigo 15. Persoal investigador:
 - Con vinculación permanente
 - Sen vinculación permanente
 - Colaborador
 - Técnico de apoio
 - De xestión

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da modificación do regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudiantado e Empregabilidade, quen explica o seguinte:

O 1 de xaneiro de 2024, entra en vigor o Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións; veu engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, en que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Modificacións:

- Incluir a referencia legislativa do Real decreto-lei 2/2023
- Excluir as estadías en empresas para realizar traballos de fin de estudos
- Incluir as prácticas dos títulos propios
- Establecer as xornadas e as horas mínimas de realización das prácticas
- Incluir as causas e o procedemento de finalización anticipada das prácticas
- Establecer a responsabilidade da empresa de comunicar calquera falta de asistencia
- Detallar os requisitos do estudiantado para a realización das prácticas
- Incluir as obrigas en materia de inclusión na Seguridade Social nos convenios
- Definir as prácticas en dependencias propias da propia universidade

Recoñecer as bolsas de formación e as bolsas de colaboración como Prácticas Externas.

Procedemento:

- Aprobación das modificacións pola Comisión xeral de prácticas académicas externas da Universidade de Vigo.
- Informe favorable da Asesoría Xurídica e revisión pola Área de Normalización Lingüística
- Exposición pública:
 - 4 persoas (3 PDI + 1 PAS)
 - 16 alegacións: 7 propostas (aceptadas) + 9 consultas/dúbdas (respondidas)
- Aprobación definitiva das modificacións pola Comisión xeral de prácticas académicas externas.

O último paso sería a aprobación das modificacións polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do convenio tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas por parte do estudiantado.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudiantado e Empregabilidade, quen refire, con respecto á responsabilidade, e en relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social, o seguinte:

- No caso das **prácticas remuneradas ou prácticas extracurriculares**, a responsabilidade da inclusión no sistema da Seguridade Social do estudiantado (é dicir, de levar a cabo as altas e as baixas da cotización e de solicitarlle á TXSS un código de conta de cotización especial) será da **empresa, institución ou entidade** na que se desenvolvan as prácticas ou, no caso de programas específicos, das entidades que financien ou xestionen o programa de formación.
- No caso das **prácticas curriculares** de grao, mestrado e títulos propios non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral **da Universidade de Vigo**.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do convenio tipo de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas do estudiantado de todos os mestrados do SUG.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudiantado e Empregabilidade.

Universidade de Vigo:

En relación coas entidades responsables do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social:

- No caso das **prácticas remuneradas ou prácticas extracurriculares**, a responsabilidade da inclusión no sistema da Seguridade Social do estudiantado (é dicir, de levar a cabo as altas e as baixas da cotización e de solicitarlle á TXSS un código de conta de cotización especial) será da **empresa, institución ou entidade** na que se desenvolvan as prácticas ou, no caso de programas específicos, das entidades que financien ou xestionen o programa de formación.
- No caso das **prácticas curriculares** de grao, mestrado e títulos propios non remuneradas, a responsabilidade do cumprimento das obrigas en materia de Seguridade Social será de modo xeral **da Universidade de Vigo**.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro de programas de intercambio.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Internacionalización, quen explica a necesidade de modificar a normativa de recoñecemento mutuo de créditos, xa que levaba sen modificarse dende o 2012.

- Instrumento de internacionalización e de atracción de estudantes.
- Principais modificacións:
 - Adaptación ao novo Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
 - Posibilidade de incluír as titulacións virtuais (a de Dirección e Xestión Pública).
 - TFG.
 - Pago de prezos públicos.
 - Equilibrio de estudantes. O número de estudantes que van da Universidade de Vigo, así como os que veñen de outras universidades, ten que ser equilibrado.
- Convenio tipo.
- Procedemento seguido: revisión da Comisión de mobilidade e servizos, informe favorable da Asesoría Xurídica e un mes de exposición pública.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Tradución e Lingüística.

Conta con informe favorable de Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

14. Elección de representantes na Comisión Xeral de Prácticas Académicas Externas(1): 1 estudante.

O reitor informa que presentouse a candidatura de **Miguel Fernández Simoes** (Escola de Enxeñaría Industrial – Vigo), polo que non é necesario celebrar eleccións. O reitor agradece a Miguel o seu compromiso coa Universidade.

15. Quenda de intervencións.

Rafael Durán: Ten unha dúbida no número de prazas de titular da OEP para o próximo ano. Con respecto ao 15% de 130, pregunta se fixeron ben o cálculo; compróbase que está ben o número proposto de prazas.

Coral del Río, pregunta tamén: entendeu que había 110 baixas, y que se poderían engadir un 20% por cento máis, que serían 132, e non 130 como dixemos. O reitor intervén para dicir que se se trata dun erro, e se traerán as dúas prazas que faltan no próximo Consello de Goberno, aínda que tampouco é preciso sacalas todas, xa que temos tres anos para facelo.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.08 h. do día 22 de novembro de 2023, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral